



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión extraordinaria do Pleno do 22 de febreiro de 2021

Ás 18:00 horas do día 22 de febreiro de 2021, en reunión virtual a través de videoconferencia, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez

GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González

D^a. Nuria Lameiro Valverde

D^a. Rocío Goberna Sousa

MOS

D^a Victoria Alonso Méndez

D. Román González Garrido

PAZOS DE BORBEN

Non asist ningún representante

REDONDELA:

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D^a. María Castro Abad

D. Daniel Boullosa Martínez

SALCEDA DE CASELAS

D^a. María Dolores Castiñeira Alén

D^a. Verónica Tourón Domínguez

SOUTOMAIOR:

Non asiste ningún representante





VIGO:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a. Yolanda Aguiar Castro
D^a. Elena Espinosa Mangana
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a. Patricia Rodríguez Calviño
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Rubén Pérez Correa

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escariz Couso. Da fe do acto o secretario D. José Riesgo Boluda.

Abre a sesión o Presidente, unha vez constatado polo Secretario que existe o quorum suficiente para a súa realización e pásanse a tratar os puntos incluídos na orde do día:

PUNTO 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN DO 13 DE XANEIRO DE 2020)

Como todas as persoas asistentes teñen á súa disposición unha copia da acta, o Presidente pregunta se hai algunha observación sobre ela. No hai observacións e apróbase por unanimidade a acta do Pleno da Mancomunidad correspondente á sesión constitutiva e ordinaria do 13 de xaneiro de 2020.

PUNTO 2. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2018

Antecedentes:

A Presidencia da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, por Decreto do 3 de maio de 2019 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2018 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidad na súa sesión do 20 de outubro de 2020, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2018 desta Mancomunidad dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.





Mediante edicto da Presidenta publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 do 9 de novembro de 2020 informouse da exposición ó público na sede da Mancomunidad de Vigo, sita na rúa Hispanidade nº 17 de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles mais oito, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 14 de decembro de 2020, a Secretaria Xeral da Mancomunidad emitiu certificado facendo constar que que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularsen reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

Antes de pasar á votación da proposta que se trae ao Pleno, o Presidente cédelle á palabra ao Interventor, co fin de que comente se hai algunha cuestión a salientar relacionada coa conta xeral do exercicio 2018.

Interventor: Se quere, volvemos a proceder a lectura, como queira.

Presidente: Non, xa que toda a documentación obra en poder de todos os membros deste pleno. Só sería para acreditar que se cumpriron todos os trámites para a súa aprobación.

Interventor: Exactamente, si que se cumpriron todos os trámites e a Conta Xeral de 2018 reúne toda a documentación preceptiva conforme a Instrución de contabilidade e polo tanto está en disposición de ser aprobada.

Presidente: Correcto, algunha observación dos membros deste plenario?

Non hai observacións e sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018.

Presidente: Procede votación. Votos a favor da conta xeral?

Secretario: Todos menos Rubén Pérez

Presidente: Todos menos Rubén Pérez. Votos en contra? Abstencións? Unha

A proposta queda aprobada pola maioría dos votos presentes (vintedous votos a favor, ningún en contra e unha abstención).

PUNTO 3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2019

Antecedentes:





A Presidencia da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo, por Decreto do 8 de maio de 2020 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2019 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidad na súa sesión do 20 de outubro de 2020, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2019 desta Mancomunidad dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Mediante edicto da Presidenta publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 216 do 9 de novembro de 2020 informouse da exposición ó público na sede da Mancomunidad de Vigo, sita na rúa Hispanidade nº 17 de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles mais oito, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 14 de decembro de 2020, a Secretaria Xeral da Mancomunidad emitiu certificado facendo constar que que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularsen reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

Antes de pasar á votación da proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2019, o Presidente cédelle á palabra ao Interventor:

Interventor: Tamén están cumprimentados todos os trámites relativos á Conta Xeral para o ano 2019 e está correctamente informada, incluíndo o informe favorable de Intervención, sinalando unha situación financeira saneada, sobre todo. Polo tanto, pode someterse a aprobación.

Presidente: Moitas grazas, procedemos por tanto á votación, estamos no punto terceiro: proposta de aprobación da conta xeral do ano 2019.

Sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018. A proposta queda aprobada pola maioría dos votos presentes (vintedous votos a favor, ningún en contra e unha abstención).

PUNTO 4. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021.

Antecedentes e proposta que se presenta a votación:

Formado o proxecto de Orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo correspondente ao exercicio económico 2021, así como as bases de execución e ao cadro de Persoal comprensivo dos postos de traballo, e de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e o artigo





18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do título VI da Lei 39/1988.

Visto o contido do informe emitido pola Intervención da Mancomunidad con data 08/02/2021, sobre o proxecto de orzamento para 2021.

Visto o informe de Intervención da Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de data 08/02/2021.

E informado favorablemente o devandito proxecto de Orzamento pola Comisión de Economía e Facenda en sesión de data 12/02/2021.

Proponse ao Pleno da Mancomunidad a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento da Mancomunidad para o exercicio económico 2021 e toda a documentación anexa ao mesmo, conforme aos documentos que obran no expediente e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Importe 2021 (euros)
4	Transferencias correntes	231.464,25
TOTAL		231.464,25

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Importe 2021 (euros)
1	Gastos de persoal	115.321,42
2	Gastos en bens correntes e servizos	98.617,83
4	Transferencias correntes	15.025,00
6	Investimentos reais	2.500,00
TOTAL		231.464,25

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación que serán de aplicación.

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal orzamentario comprensivo dos postos de traballo durante o exercicio 2021.





CUARTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

QUINTO.- Considerar definitivamente aprobado o Orzamento e a demais documentación anexa, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións. O acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO.: Facultar á Presidencia para que realice cantos actos e dite cantas resolucións sexan necesarias en orden á execución do presente acordo.

Debate e votación:

Tendo en conta que todos os membros do Pleno dispoñen da información completa e de todos os documentos que forman o proxecto de orzamento para o exercicio 2021, dáselle a palabra ao interventor.

Interventor: Ben, o proxecto de orzamento para o exercicio 2021 atópase equilibrado na súa vertente de gastos e ingresos, ascendendo a 231,464,25 €. Os ingresos corresponden nun 100% ás transferencias dos municipios integrantes da Mancomunidad e, por parte dos gastos, consígnanse as prazas con afectación orzamentaria e están dotados axeitadamente os gastos previstos para o funcionamento dos servizos. É un orzamento bastante sinxelo e incorpora a afectación preceptiva conforme a lei de facendas locais.

Presidente: Moitas grazas, Observacións? (non hai). Procedemos á votación.

O Secretario fai o recuento de votos e a proposta presentada neste punto queda aprobada por maioría dos votos presentes na súa totalidade (22 votos a favor, ningún en contra e unha abstención).

PUNTO 5. DAR CONTA DOS INFORMES DE ESTABILIDADE DO ORZAMENTO 2021 (ORZAMENTO PRORROGADO 2021 E PROPOSTA NOVO ORZAMENTO 2021).

Dáse conta ao Pleno dos informes emitidos pola Intervención sobre o cumprimento da estabilidade e a regra de gasto:

- Para o orzamento prorrogado do ano 2021, que estará vixente en tanto non se aprobe o proxecto de Orzamento para 2021;
- E, para o proxecto de orzamento do exercicio 2021.

O Pleno da Mancomunidad queda enterado do contido dos devanditos informes.





PUNTO 6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 20 DE OUTUBRO DE 2020 POLA QUE SE DELEGA A PRESIDENCIA EFECTIVA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ECONOMÍA E FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS NO CONCELEIRO JAIME ANEIROS PEREIRA.

Dáse conta ao Pleno da Resolución da Presidencia de data 20 de outubro de 2020, pola que o Presidente nato, D. Abel Caballero Alvarez, delega a presidencia efectiva da Comisión informativa de Economía e Contas e da Comisión Especial de Contas no concelleiro e membro do Pleno da MAIV, D. Jaime Aneiros Pereira.

O Pleno da Mancomunidad queda enterado do contido da devandita Resolución en todos os seus termos.

PUNTO 7. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2019.

A información e os documentos relativos a liquidación do orzamento do exercicio 2019 está a disposición de todos os membros do Pleno, aos que se lles enviou tamén o seguinte informe resumido sobre a situación do mesmo:

Información da liquidación do orzamento do exercicio 2019

Por Decreto da Presidencia de 14 de febreiro de 2020, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2019 da Mancomunidad. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.

A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmprese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 22.234,77 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2019 é de 1.534.081,87 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.725.775,64 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:	1.534.081,87
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:	216.127,94
De orzamento corrente:	47.162,78





De orzamento pechado:	166.706,32	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
TOTAL A+B	1.750.209,81
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		20.638,43
De orzamento corrente:	9.759,17	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	10.879,26	
REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.729.571,38
Saldo de dubidoso cobro	0,00	
Exceso de financiamento afectado	0,00	
REMANENTES DE TESOURERIA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.725.775,64

O Presidente pásalle a palabra ao Interventor, para que explique brevemente as magnitudes máis relevantes.

Interventor: No orzamento do exercicio 2019 tamén está completamente incorporada toda a documentación e as magnitudes máis representativas son: o remanente de tesourería a 31 de decembro de 2019 que foi de 1.725.000€ e o saldo de tesourería a 31 de decembro 2019, por importe de 1.534.000 €. Cumpriuse coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.

Queda pois dada conta ao Pleno.

PUNTO 8. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020.

De novo, a información e os documentos relativos a este punto sobre a dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2020 está a disposición de todos os membros do Pleno, aos que se lles enviou tamén o seguinte informe resumido sobre a situación do mesmo:

Información da liquidación do orzamento do exercicio 2020

Por Decreto da Presidencia de 17 de febreiro de 2020, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2020 da Mancomunidad.

A continuación, detállase a información máis significativa, a modo de resumo:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2021 14:25	Páxina 8 de 17
	Expediente 87/14	CSV: 25EFDH-37AA38-B2EEBH-CVNZPN-SSVZE2-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Cúmprese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 59.892,96 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2020 é de 1.385.570,22 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.782.505,47 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.385.570,22
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		417.852,22
De orzamento corrente:	220.439,33	
De orzamento pechado:	195.154,05	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
TOTAL A+B	1.803.422,44
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		13.958,10
De orzamento corrente:	6.012,46	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	7.945,64	
REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.789.464,34
Saldo de dubidoso cobro	0,00	
Exceso de financiamento afectado	6.958,87	
REMANENTES DE TESOURERIA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.782.505,47

O Presidente pásalle a palabra ao Interventor, para que explique brevemente as magnitudes mais relevantes.

Interventor: Pois a 31 de decembro de 2020 tiñamos uns fondos líquidos na tesourería de 1.385.000 € e un remanente para gastos xerais de 1.782.000 €. A regra de gasto atópase suspendida para o presente exercicio e para o 2020 tamén estaba, e liquidouse o exercicio con estabilidade cun superávit de 58.892€. A 31 de decembro non existía ningunha débeda financeira coas entidades, polo tanto estas son as magnitudes fundamentais.

Non hai ningunha observación a este punto e polo tanto, queda dada conta ao Pleno.





PUNTO 9. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2020, 2/2020, 3/2020, 4/2020, 5/2020, 6/2020 E 7/2020.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

Expediente nº 1/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2019**) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2020. O importe é de **88.838,68 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos de Salarios e Seguridade Social derivados da **contratación** durante parte do ano 2020 **de dúas persoas receptoras de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV 2019"**. O importe é de **3.795,74 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para financiar parte dos custos laborais do **Axente de Emprego e Desenvolvemento local** para o ano 2020. O importe é de **10.719,01 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 4/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2020 **de dúas persoas receptoras de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV 2020"**. O importe é de **14.392,19 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 5/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para asumir o incremento no SMI para o ano 2020 do **alumnado-traballador do Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2019)**. O importe é de **2.751,58 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 6/2020, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2020**), para os gastos deste proxecto durante o ano 2020. O importe é de **122.881,01 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 7/2020, de modificación de crédito por transferencia dentro da mesma área de gasto para facer efectiva a achega extraordinaria ao INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) acordada polo Padroado do IFEVI en data 28/01/2016. O importe é de 136,20 euros.





Interventor: Son os expedientes de modificacións orzamentarias do ano 2020, seis deles corresponden a xeracións de crédito como consecuencia de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia para a promoción de emprego, e unha trátase dunha transferencia de crédito. Non hai máis.

Presidente: Algunha observación?

Non hai observacións. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 10. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2021, 2/2021 E 3/2021.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

Expediente nº 1/2021, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2021 **de dúas persoas receptoras de RISGA para "Apoio ás labores administrativas da MAIV 2020"**. O importe é de **6.958,87 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2021, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (**OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2020**) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2021. O importe é de **273.541,14 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2021, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para financiar parte dos custos laborais do **Axente de Emprego e Desenvolvemento local** para o ano 2021. O importe é de **10.933,52 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Toma a palabra o Interventor.

Interventor: Pois si, son as modificacións orzamentarias que se teñen feito xa neste ano 2021 e son tres xeracións de crédito, pola parte das subvencións da Xunta de Galicia corresponden ó exercicio 2021.

Presidente: Algunha observación?

Non hai observacións. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 11. ROGOS E PREGUNTAS

Presidente: Eu quería facer unha intervención moi breve aos membros deste plenario, sobre a existencia dunha sentenza sobre a constitución da Área Metropolitana. Aféctanos a todos porque esta Mancomunidade tiña que estar disolta ou non, dependendo do que sucedera coa Área Metropolitana de Vigo, e polo tanto, aínda que sexa indirectamente, ten que ver coa presenza dos que estamos aquí.





A sentenza é unha sentenza que declara que a Área Metropolitana foi legalmente constituída, declara que o Presidente da Área Metropolitana é o Alcalde de Vigo, e por tanto foi nomeado de acordo cas leis e de acordo coas normas, declarando improcedente o abandono do plenario dos grupos que o abandonaron, censurando de forma severa ao Presidente da mesa de idade, o entonces Alcalde de Salvaterra, e declarando que a Área Metropolitana non está en funcionamento porque ten unha cláusula de imposible cumprimento, e polo tanto, non pode entrar en funcionamento.

E esta é a situación que temos con respecto á Área Metropolitana e a súa constitución. O recurso foi presentado pola Xunta de Galicia e o que aclara a sentenza, que é coñecida e é pública pero quería facer unha mención a ela, é que o acto de constitución estivo ben convocado, foi legal, foi correcto. O Presidente foi legalmente e lexitimamente elixido, e polo tanto, a Área Metropolitana debería terse posto en funcionamento, de non ser porque require unha condición que é a incorporación de Vigo ao Transporte Metropolitan, que non existe; existe o Transporte da Xunta no ámbito de Vigo e os municipios do entorno, pero non existe Plan de Transporte Metropolitan, e por tanto é de imposible cumprimento.

O da Área Metropolitana está nunha nebulosa da que non sairá ata que exista un Plan de Transporte Metropolitan, que non pode existir salvo que o faga a Área Metropolitana, e por tanto, témola bloqueada, por unha lei deficiente, e así o dita o Xuíz, que é de obrigado cumprimento. Por aclararvos, unha cuestión é o Plan de Transporte Metropolitan, que non existe porque non foi aprobado, e só o podería aprobar a partir da agora a Área Metropolitana, e o outro é un Plan de Transporte da Xunta de Galicia no ámbito dos municipios que estamos aquí presentes e algúns outros que non o están, polo tanto, sinxelamente a situación é ridícula, pero estamos sen funcionar. Non hai Área Metropolitana, e quero lembrar a este plenario que quen interpuxo recurso foi a Xunta de Galicia, quen o paralizou foi a Xunta de Galicia, e polo tanto estamos diante dunha decisión política da Xunta de Galicia de establecer este recurso, e o suspenderon e estableceron porque perderon a Área Metropolitana. O Partido Popular perdeu a Área Metropolitana, gañaron outras forzas políticas, forzas políticas en coalición, e iso levou a ese recurso que paralizou a Área Metropolitana de Vigo.

Quería dar conta disto a modo de explicación en Rogos e Preguntas e non introduciolo na orde do día como un punto concreto, e a partir de aí, se alguén ten algún rogo ou algunha pregunta, estamos a disposición.

Pide a palabra Rubén Pérez Correa, concelleiro do Grupo Mixto do Concello de Vigo.

Presidente: Rubén, tes a palabra.

Rubén Pérez: Ben, moi brevemente tamén, ademais ao mor do expresado polo Alcalde de Vigo, entendendo nós esta situación de interinidade da Mancomunidad, nós sempre defendemos que na coexistencia da Área Metropolitana incluso podía xogar un papel a Mancomunidad. Por poñer un exemplo, a Área Metropolitana de Barcelona, onde ademais da Generalitat e o Concello de Barcelona, a outra pata é a Mancomunidad. Discutíamos ou polo menos, entenderíamos menos lóxico que





participara a Deputación, pero nos si que queríamos facer unha pequena reflexión. Efectivamente, a estratexia demoledora dun partido que non está aquí (o Partido Popular), que foi impugnar a constitución da Area Metropolitana, que para nos sempre foi claramente legal, nos deixa agora sen un mecanismo que para nós sería importante, sobre a intención que queremos facer, e que son os fondos europeos, en concreto as dez políticas palanca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Nós entendemos que algunha das cuestións que forman parte da Mancomunidad - se tivéramos a Área Metropolitana sería para nos moitísimo mellor- no que ten que ver coa cuestión da política enerxética ou a política palanca de emprego e incluso a dinamización da cultura, non era mala cousa tamén plantexala dende o punto de vista da Mancomunidad, entendendo a Mancomunidad como un mecanismo de encontro dos Concellos máis próximos, aparte de que exista a Deputación, pero para nós a extensión da Deputación xa é outra cuestión. Non sei se isto se plantexa, pero a nós nos gustaría que, cando se aborde a cuestión dos fondos europeos, tamén se pense en que a Área Metropolitana, por exemplo, ten unha orientación ao emprego ou aos Plans de Garantía Social de persoas vinculadas á RISGA ou vinculadas a programas de emprego e inserción laboral non é mala cousa que pensáramos neste Organismo como un Organismo tamén receptor dese tipo de axudas que van a chegar tamén aos concellos ou a outras Administracións Públicas. Grazas.

Presidente: Grazas, ben. É unha posibilidade que está aí. Ben, respecto aos fondos europeos, cómpre aclarar que estamos no proceso da definición, das formas de procedemento.

Primeiro estamos na discusión, para ben, e cunha dedicación de tempo que é difícil case que de explicar, eu estou practicamente en todas as reunións que teñen que ver con fondos europeos. Formo parte da Comisión de Presidencia Europa, Presidencia España, Presidencia Comisión das Comunidades Autónomas e Presidencia da FEMP. Formo parte da Interterritorial de Sistema Nacional de Salud, formo parte da Comisión de Residencia de Planes Europeos, formo parte da de Política Social, formo parte da de Política de Transportes, a Política de Vivenda e así un largo etcétera que significa que case que vivo sentado diante desta pantalla.

Ben, pois está no proceso de definición de cal é o mecanismo de solicitude. Os mecanismos, a decisión definitiva tómao o Goberno de España salvo nalgúns ámbitos e nalgunhas palancas que se trasladarán, ben cara ás Comunidades Autónomas, ben cara aos Concellos. Nós estamos plantexando desde a FEMP que queremos que os Concellos sexamos destinatarios directos do máximo de posibilidades de políticas europeas. E aí estamos dando unha batalla política, claro, como é natural, contundente, porque non queremos ser intermediados desde as Comunidades autónomas, e sobre todo naquelas cuestións que son obxecto da nosa propia competencia. A este respecto, tivemos unha primeira reunión con Transportes - falo da Comisión de Transportes ampliada, na que estábamos uns corenta Concellos, dirixidos por min como Presidente da FEMP, pero para que situedes: Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Zaragoza, e todo o Goberno da FEMP -, e Transportes plantexou que ten vocación de facer tramitación a través dos Concellos. O mesmo en Vivenda; en Vivenda hai unha dificultade que é que hai competencias da Comunidade Autónoma, pero é certo que nós temos competencias en rehabilitación de barrios e rehabilitación de áreas de rehabilitación especial, nas ARIS. Polo tanto, o Ministerio de Transportes transmitiunos a súa vontade de operar ó máximo posible con Concellos.





Estou falando con Política Social, España me refiro, Vicepresidente do Goberno, estamos plantexando a forma de actuar. Política Social tomou a decisión, nun primeiro borrador que non é unha decisión firme, de que se tramite a través das Comunidades Autónomas e un 15% a través dos concellos, que sería con solicitude ás Comunidades Autónomas. Estamos en absoluto desacordo. Estamos en desacordo que sexa só o 15% e estamos en desacordo que sexa a través das Comunidades Autónomas. Queremos que sexan nos nosos propios ámbitos de competencia. Por exemplo, en Vigo hai un albergue municipal, pois ese albergue non vai ter axudas europeas salvo que a Xunta de Galicia nos diga que si e a través de mecanismos non concretados; por tanto, estamos nunha discusión amable, por certo nun bo diálogo e moi cómodo con Vicepresidencia do Goberno de ámbito social, pero estamos en elo.

En Políticas medio ambientais, que teñen bastante que ver con este territorio co que deberíamos plantexar, estamos nunha situación similar: unha parte importante das Políticas de Transición Ecolóxica se levan e son de Comunidades Autónomas, pero o certo é que nós neste momento estamos desenvolvendo este tipo de políticas, pois en Vigo nos acaban de pedir cinco millóns de euros de expropiacións para o Río Lagares sen ter competencias ao respecto, e non queremos asumir unha competencia sen financiamento europeo, porque o poderíamos ter. E así, podería ir citando todos os casos, estamos intervindo en todos os ámbitos. Queremos ter asignación directa de Comercio e de Hostalería do Goberno de España para poder facer fronte ás demandas de hostaleiros que estamos recibindo todos e todas continuamente. **Non comparto esta oposición da Xunta de Galicia para o novo presidente da FEMP de pedir participación** de Concellos para financiar autónomos, pequeno e mediano comercio, para financiar a hostalería; nós, dos nosos orzamentos e eles, dos fondos europeos. Non, se nós financiamos dos nosos orzamentos, eles tamén, e fondos europeos á parte, e todos equilibrados.

E polo tanto aí faremos cada concello a nosa propia atribución, pero despois, o que plantexabas, Rubén, hai unha posibilidade de que, nalgúns casos, concellos menores de 50.000 habitantes se poidan coaligar cun concello maior de 50.000 habitantes e facer plantexamentos conxuntos.

Ben, eu estou disposto a que o fagamos, seguramente esta Mancomunidade podería ser unha área, mais eu non oculto que, como Vigo, vou a presentar un número importante de proxectos, non volo oculto. Ben, hai unha proposta que circula, de que se poidan facer agrupacións destas características, pero non contemplan nin Mancomunidades nin Áreas Metropolitanas, soamente Áreas Metropolitanas de Transporte, en suma ámbito de transporte, entendéndose Barcelona, Madrid,... En Vigo non temos iso, é o que a Xunta non nos deixou facer, e polo tanto, nós, que poderíamos pedir apoio singular para o noso propio sistema de transporte, ao non ter a Área Metropolitana e non ter esa competencia asumida, non podemos.

Agora, eu como Concello, si eu estou a disposición, poderíamos facer algo. Hai tempo para iso, de momento o que hai que facer é manifestacións de interese. As manifestacións de interese non son vinculantes no sentido de que, unha vez presentadas as manifestacións de interese e unha vez que o Goberno de España decida o que acepta, ten que haber convocatoria pública, e na convocatoria pública é cando cada un dos Concellos presentaremos. Está en discusión cal é o nivel de entrada directamente co Goberno de España e a través das Comunidades Autónomas. É unha obviedade que o Goberno de España non pode atender a 8.131 Concellos, pero nós ofertamos Deputacións, ofertamos sistemas





MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

municipais de intermediación. Estamos neste intre nesa discusión: se isto vai a través de Comunidades Autónomas, se vai a través de Deputacións ou se vai por agrupacións de Concellos. Está admitido que sexa común, de máis de cincuenta vinculado.

Ben, eu mandareivos información se o vedes conveniente, e estaremos atentos ás cousas que poidamos facer xuntos. Eu, como Vigo estou disposto, pero vou a presentar un número importante de proxectos como Concello de Vigo e pido que iso o entendades. Serán cousas distintas, que non teñen que ver coa Mancomunidade, pero respecto a esa posibilidade, podemos permanecer atentos e manter algunha reunión ao respecto.

¿Algunha outra cuestión? (non hai).

Ben, moitas grazas pola vosa presenza e seguimos atentos a esta cuestión europea, se vos parece. Grazas.

E sen mais asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión ás 18.25 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica
O SECRETARIO DA MAIV
José Riesgo Boluda

Vº e pr.
O PRESIDENTE
Abel Caballero Alvarez





MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2021 14:25

Páxina 16 de 17

Expediente 87/14

CSV: 25EFDH-37AA38-B2EEBH-CVNZPN-SSVZE2-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 17.55 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

O SECRETARIO

Jose Riesgo Boluda

Vº e prace

O PRESIDENTE

Abel Caballero Alvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2021 14:25

Páxina 17 de 17

Expediente 87/14

CSV: 25EFDH-37AA38-B2EEBH-CVNZPN-SSVZE2-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>